

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN LESWORKING (ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE MUJERES LESBIANAS) PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS AO COLECTIVO LGTBI (LESBIANAS, GAYS, TRANSEXUAIS, BISEXUAIS E INTERSEXUAIS)

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDAS

Dunha parte, Fabiola García Martínez, Conselleira de Política Social e Igualdade, en virtude do seu nomeamento a través do Decreto 44/2024, do 14 de abril , polo que se nomea conselleira de Política Social e Igualdade e no do Decreto 42/2024, do 14 de abril de 2024 a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, actuando no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Da outra parte, Marta Herraiz Fernández, na súa calidade de presidenta da LES WORKING (Asociación Profesional de Mujeres Lesbianas) con NIF G16538407, con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude do establecido nos seus estatutos e na acta da asemblea xeral do 11 de xaneiro de 2022.

Ambas as dúas partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade para se obrigaren nos termos do presente convenio.

EXPOÑEN

Primeiro.- A Constitución española, no artigo 14, proclama o dereito á igualdade e á non discriminación ao establecer que as persoas son iguais ante a lei, sen que poida



prevalecer ningunha discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 4.2, recolle a obriga que corresponde aos poderes públicos de *"promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social"*.

Segundo.- No artigo 7 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, establécese que *"os poderes públicos de Galicia establecerán un diálogo fluído e colaborarán coas asociacións, organizacións e colectivos LGTBI que teñan un interese lexítimo na loita contra a discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero"*.

Terceiro.- Así mesmo, o artigo 17 da dita Lei 2/2014, recolle que *"os órganos competentes da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de familia e igualdade, así como os gobernos locais da Comunidade Autónoma de Galicia, poderán establecer programas de información dirixidos ás familias co obxecto de divulgar as distintas realidades afectivo-sexuais e de xénero e os distintos modelos familiares e de combater a discriminación por razón de orientación sexual e de identidade de xénero no ámbito familiar"* e que *"en particular, incidirase na información e promoción da igualdade de trato daquelas persoas LGTBI máis vulnerables por razón de idade (as e os adolescentes, mozos e mozas e terceira idade) e xénero (mulleres), para os efectos de garantir o pleno gozo dos seus dereitos e o libre desenvolvemento da súa personalidade no ámbito familiar"*.

Cuarto.- A Asociación LES WORKING Asociación Profesional de Mujeres Lesbianas, (a Asociación, en diante) é unha entidade sen ánimo de lucro, legalmente constituída, que



forma parte do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero (Observatorio LGBTIQ+). O principal obxectivo desta entidade segundo o artigo 3 dos seus estatutos é a defensa dos dereitos das persoas LGTBI.

Quinto.- Por todo o exposto, esta actuación resulta de interese para a Xunta de Galicia, tanto polo que supón de traballar para garantir a igualdade de trato e combater a discriminación por razóns de orientación sexual e identidade sexual, como por fomentar a participación e o asociacionismo LGTBI, dando visibilidade ás accións, programas e campañas que se desenvolvan co fin de favorecer a participación, a concienciación e a sensibilización de toda a sociedade en conceptos como igualdade, dignidade e respecto do colectivo LGTBI.

Sexto.- Conforme co establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, xa que na Comunidade Autónoma de Galicia existe un número limitado de entidades legalmente constituídas e con experiencia acreditada que desenvolven actuacións específicas dirixidas ao colectivo LGTBI, polo que se xustifica a non procedencia dunha convocatoria pública e a sinatura de convenios con aquelas que manifestaron o seu interese nesta colaboración e que forman parte do Observatorio LGBTIQ+, como é o caso.

A conxuntura descrita e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente, garanten a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor desta Asociación.

Sétimo.- A Asociación cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiaria da subvención, de acordo co disposto no artigo 10 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Por todo o exposto, ambas as dúas partes acordan asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade, a través Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, e a Asociación para levar a cabo actividades e programas dirixidos á promoción, aplicación e desenvolvemento de actuacións e medidas destinadas a avanzar no fomento e a promoción da igualdade de oportunidades, da visibilidade, sensibilización e da non discriminación do colectivo LGTBI.

Para isto, a Asociación deberá desenvolver unha ou varias das seguintes actuacións, que se consideran subvencionables, sempre que se realicen e xustifiquen dentro do período de vixencia do presente convenio:

- Campañas de información social que promovan comportamentos e actitudes de respecto e igualdade.
- Programas e medidas orientadas á normalización da sexualidade e a diversidade, favorecendo a inclusión social das persoas pertencentes ao colectivo LGTBI.
- Actuacións que contribúan a remover os obstáculos que impiden ou dificultan que as persoas pertencentes ao colectivo LGTBI desenvolvan plenamente a súa personalidade e participen en igualdade de condicións en todos os ámbitos da vida política, económica, cultural e social.
- Actividades de investigación, estudos, conferencias, cursos, e demais actos de natureza análoga que fomenten o coñecemento da situación do colectivo LGTBI en todos os ámbitos.



- Acompañamento, atención, información e asesoramento sobre recursos sociais e sanitarios, cultura, saúde integral, VIH-SIDA e outras ITS, cuestións xurídicas, psicolóxicas, e outros temas ás persoas LGTBI e as súas familias.
- Actuacións para previr e intervir ante condutas de discriminación ou de posible acoso, violencia de xénero e/ou maltrato infantil, que puideran producirse por razón de orientación sexual ou identidade de xénero, especialmente dende o ámbito familiar e social.
- Actuacións que proporcionen información/formación específica ao persoal das distintas Administracións que, polo seu posto de traballo, lles corresponda promover, xestionar e mellorar a non discriminación por mor da orientación sexual das persoas ou da identidade de xénero.
- Elaboración de materiais didácticos nos que se contemple a realidade do colectivo LGTBI e das súas familias, o dereito á diferenza, a diversidade, a igualdade de oportunidades e contra a LGTBIfobia.

SEGUNDA. GASTOS SUBVENCIONABLES

Considéranse gastos subvencionables os que cumpren os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e realizados no desenvolvemento do obxecto do convenio. Para estes efectos, serán os realizados entre o 1 de xaneiro de 2024 ata a data límite da xustificación, salvo aqueles gastos realizados e que por imperativo legal non se puideran ter pagado nese prazo, e que contén coas seguintes características:

- a) Que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, ao abeiro deste convenio, e resulten estritamente necesarios.
- b) Que teñan a seguinte natureza:
 - b.1) Gastos de persoal da entidade: custe total, que abranguerá as retribución e os custos de Seguridade Social, na porcentaxe imputada a actividade subvencionada, con indicacións das horas adicadas ao programa.



b.2) Axudas de custo e gastos de viaxe, sempre que sexan imputados pola entidade á actividades subvencionada e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

b.3) Outros gastos correntes directamente relacionados coa actividade desenvolvida ao abeiro deste convenio.

Os gastos de alugamento, así como, os correntes de subministración (auga, luz...) non poderán ser imputados ao 100% agás que se certifique que ese gasto corresponde de xeito exclusivo á realización da actividade subvencionada. No caso contrario soamente se poderá imputar unha porcentaxe proporcional ao custo do desenvolvemento do programa sobre o orzamento da entidade.

Tamén serán subvencionables os gastos financeiros, de asesoría xurídica ou financeira, notariais ou rexistrals e o gastos periciais para a realización da actividade subvencionada e os de administración específicos directamente relacionados coa actividade subvencionada, se son indispensables para a súa axeitada preparación ou execución. En ningún caso serán subvencionables os xuros debedores das contas bancarias, os xuros, recargos e sancións administrativas e penais, nin os gastos de procedementos xudiciais.

Os tributos son gastos subvencionables cando a entidade os aboe directamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.

Non serán subvencionables os gastos orixinados polas actividades realizadas na condición de membros das xuntas directivas ou consellos de dirección da entidade.

TERCEIRA. ORZAMENTO



Para a realización das actividades descritas no presente convenio a Consellería de Política Social e Igualdade achegará a cantidade de 6.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 38.07.313B.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, código de proxecto 2017 00002.

CUARTA. COMPATIBILIDADE

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

QUINTA. XUSTIFICACIÓN E MODO DE PAGAMENTO

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento, e presentarase a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia, na Dirección Xeral de Promoción da Igualdade antes ou dentro do día 13 de decembro de 2024. Non obstante, de acordo co establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, poderá realizarse o pagamento anticipado de ata o 80% da subvención concedida, tras a sinatura do presente convenio.

A Asociación está obrigada a xustificar ante a Consellería Política Social e Igualdade o cumprimento da finalidade da subvención, a realización das actividades, e o seu custo real, mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada polos documentos que a continuación se sinalan:



- **Memoria de actuación**, expedida e asinada electronicamente polo órgano competente da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas, os gastos imputados ás mesmas e dos resultados obtidos.
- **Xustificación dos gastos realizados:**
 - Certificación dos gastos realizados, expedida polo órgano competente da entidade.
 - Relación das facturas e outros gastos realizados, con identificación dos acredores e das acreedoras cos seus NIF, o número e a data da factura ou recibín, o concepto, o importe e data de pagamento, asinada electronicamente polo órgano competente da entidade.

A xustificación do pagamento dos gastos deberá acreditarse a través de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto bancario de pagamento. Nestes documentos deberán quedar claramente identificadas a persoa receptora, a emisora do pagamento (que deberá ser a entidade coa que se asina o convenio) e a data (entre o 1 de xaneiro de 2024 e a data límite da xustificación)

- Orixinais das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior.
- Con carácter excepcional, aceptárase a xustificación de pagamentos mediante a presentación dun recibín ou documento probatorio equivalente para aqueles gastos de contía inferior a 50 euros.

Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos que impliquen ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente), no que se reflicta o importe da retención ou cotización percibidas na data de xustificación,



quedando as entidades beneficiarias obrigadas a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación, nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario; en todo caso a dita presentación terá como data límite o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da convocatoria.

- Declaración responsable das axudas concedidas ou solicitadas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
- Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das ditas obrigas.
- Declaración responsable, de ser o caso, de non estar obrigada a liquidación do Imposto do Valor Engadido.
- Calquera outra documentación ou material que a entidade beneficiaria considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.

En todo caso, a Dirección Xeral de Promoción da Igualdade resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa realización das actuacións obxecto do presente convenio e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento.

De acordo co establecido no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación cos artigos 63.2 e 67 do mesmo corpo legal, quedan exonerados da constitución de garantías os beneficiarios e as beneficiarias de subvencións con cargo aos créditos orzamentarios correspondentes ao capítulo IV, transferencias correntes, destinados a familias e institucións sen fins de lucro.



SEXTA. OBRIGAS DA ASOCIACIÓN LESWORKING (Asociación Profesional de Mujeres Lesbianas)

Correspóndelle á Asociación:

- a) Ser titular e suxeito pasivo de todas as obrigas tributarias á Administración e á Seguridade Social correspondentes ás accións das que se derive o pagamento de impostos, retencións e cotas que impliquen as actuacións derivadas da execución do convenio.
- b) Destinar os fondos percibidos ao obxecto para o que foron concedidos.
- c) Someterse ás actuacións de supervisión e control dos órganos da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma, que se consideren precisas para a constatación do cumprimento no disposto neste convenio.
- d) Facilitar toda a información que lle sexa requirida polos órganos competentes da Consellería de Política Social e Igualdade, da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- e) Comunicar calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional.
- f) Cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria ou entidade colaboradora establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e tamén se compromete a cumprir o resto das obrigas recollidas no artigo 11 da devandita lei e na Lei 38/2003, de 17 novembro, xeral de subvencións.



- g) Dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 15.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
- h) No seu caso, garantir e acreditar o cumprimento do disposto no artigo 57 da Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia, segundo o cal, será requisito para o acceso e exercicio de calquera profesión, oficio e actividade que implique contacto habitual con persoas menores de idade, o non ter sido condenado por sentenza firme por calquera delito contra a liberdade e indemnidade sexuais tipificados no Título VIII da Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código Penal, así como por calquera delito de trata de seres humanos tipificado no título VII bis do Código Penal.
- i) Cumprir os requisitos do artigo 82 da Lei 4/2023, do 28 de febreiro, para a igualdade real e efectiva das persoas trans e para a garantía dos dereitos das persoas LGTBI, segundo o cal, non se concederán, proporcionarán, ou outorgarán subvencións, recursos nin fondos públicos de ningún tipo, nin directa nin indirectamente, a ningunha persoa física ou xurídica, pública, privada ou de financiamento mixto que cometa, incite ou promova LGTBIfobia, incluíndo a promoción ou realización de terapias de conversión.

SÉTIMA. VIXENCIA

O presente convenio terá vixencia desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024 e financiará, os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2024 ata o límite para a presentación da xustificación, de todas as actuacións sinaladas na cláusula primeira do presente convenio desenvolvidas no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.



OITAVA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as persoas ou profesionais dependentes da entidade que vaian a desenvolver as actividades e a Xunta de Galicia, os seus organismos ou entidades vinculadas ou dependentes.

NOVENA. MODIFICACIÓN E EXTINCIÓN DO CONVENIO

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

Así mesmo, segundo o previsto na Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico no artigo 31.4, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

DÉCIMA. REVOGACIÓN E REINTEGRO

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de revogación e reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento.



De acordo co establecido no artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que se minorará ou reintegrará serán os seguintes:

- a) O incumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención ou da obriga de xustificar a realización da actuación dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, de ser o caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
- b) A obtención da subvención sen reunir os requisitos esixidos para a súa concesión con falsificación das condicións requiridas para isto ou ocultación daquelas que o impidisen dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, se é o caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
- c) A resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, ou incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando disto derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, de ser o caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
- d) O incumprimento das obrigas establecidas neste convenio dará lugar á perda do dereito ao cobramento, non obstante o incumprimento das obrigas establecidas nos apartados c) e d) da cláusula quinta, así como as establecidas na cláusula décima darán lugar ao reintegro na porcentaxe do 20% da totalidade da axuda percibida.
- e) Calquera outro incumprimento das obrigas sinaladas na normativa reguladora da subvención dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, de ser o caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.

Tamén procederá o reintegro do exceso percibido nos supostos nos que o importe da axuda, illadamente ou en concorrencia con axudas ou subvencións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria.



A tramitación do correspondente expediente de reintegro axustarase ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia no seu artigo 33, título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En todo caso a Asociación sométese á normativa vixente en materia de subvencións constituída pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e a súa normativa de desenvolvemento, en canto sexan de aplicación.

Este convenio extinguirase por terminación do prazo de duración, por incumprimento das estipulacións, requisitos e obrigas contidas nel ou por mutuo acordo das partes.

DÉCIMO PRIMEIRA. NATUREZA ADMINISTRATIVA E RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO.

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no artigo 6.1.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.



As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia polo persoa titular da Consellería de Política Social e Igualdade, cuxas resolucións poñen fin á vía administrativa. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO SEGUNDA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio constitúese unha comisión mixta, que estará integrada pola persoa titular da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, que poderá dispor que a substitúa algunha persoa funcionaria desta Dirección Xeral, e por unha persoa representante da Asociación.

A actuación da comisión de seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMA TERCEIRA. PROTECCIÓN DE DATOS

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e coas demais disposicións vixentes sobre a materia.



DÉCIMO CUARTA. PUBLICIDADE E INSCRICIÓN EN REXISTROS

A entidade comprométese a incluír en todos os documentos e accións de difusión e información da actividade subvencionada , así como nos contornos dixitais (webs, etcétera) o logotipo da Xunta de Galicia (Consellería de Política Social e Igualdade) e da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, e indicando que a actividade é financiada en virtude deste convenio de colaboración segundo o establecido no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O Convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes consenten na publicación dos datos persoais e o resto das especificacións contidas no mesmo no Portal de Transparencia e Bo Goberno da Xunta de Galicia.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

E, en proba de conformidade cos termos do convenio,

Pola Consellería de Política Social e Igualdade	Pola Asociación LESWORKING (ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE MUJERES LESBIANAS)
--	--

Fabiola García Martínez

Marta Herraiz Fernández,

